

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 25/10/2021
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

MATILDE LAYA LORENZO
ARGIMIRO SERÉN MERA
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
TANIA GARCÍA SANMARTÍN
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
DIEGO GARCIA SANTIAGO

Lista de non asistentes

LINO MOURINHO SANTIAGO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

RÉXIME INTERIOR

PRP2021/3739

Dáse conta do escrito de Dona M^a Isabel Gómez Vicente, solicitando autorización para instalar un posto de rosquillas e lambetadas, de 2 metros, nas inmediacións do Cemiterio Municipal de Vilagarcía de Arousa, o día 1 de novembro. Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá estar en posesión da documentación necesaria para o exercicio da venda.
- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no Negociado de Rendas.
- Deberá darse cumprimento ás normas de prevención do COVID-19 vixentes.

Dar conta ao Negociado de Rendas.

PRP2021/3740

Dáse conta do escrito presentado por D. Marcos Rodríguez Martínez, en nome do Partido Político VOX, solicitando autorización para instalar unha mesa informativa na Praza de Galicia o día 20 de novembro de 2021, en horario de 11:30 a 14:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 25/10/2021 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión.
Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 19 de outubro de 2021, que se aprobou por unanimidade.

- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberá darse cumprimento ás normas de prevención do COVID-19 vixentes.

PRP2021/3752

Dáse conta do escrito presentado por Alcoholicos Rehabilitados Arousa (AREVA), solicitando autorización para instalar unha carpa informativa de 4 x 4 metros, 1 mesa e 4 cadeiras, na Praza de Galicia o día 16 de outubro, en horario de 10:00 a 13:00 horas.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/3802

Dáse conta do recurso de alzada presentado por Club Baloncesto Vilagarcía, contra o acordo do Consello Reitor de data 27 de xullo de 2021, no que se acorda non conceder subvención segundo as Bases da Convocatoria de Subvencións destinadas ao Fomento do Deporte Federado, exercicio 2021, correspondente á tempada 2019/20 ou ano 2020.

Visto o informe emitido pola Secretaria Delegada da Fundación de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda desestimar o recurso presentado, dado que se mantén o incumplimento das devanditas bases da convocatoria de subvencións, posto que, presenta a documentación “fora de prazo”. Polo que en aplicación da lexislación vixente sinalada e as bases da convocatoria non procede a concesión da subvención para o Fomento do Deporte Federado 2021 ao Club Baloncesto Vilagarcía.

PRP2021/3832

Dáse conta do escrito presentado por D. Manuel Antonio Brun Carballo solicitando a revisión do vao permanente existente no numero 24 da Rúa 8 de A Rosaleda, en Sobradelo, dado que debido ao ancho da rúa non é posible o estacionamento na mesma.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica, que efectivamente a placa de vao non sería necesaria xa que a calzada ten un acho de 3,30 m. o que significa que no caso de estacionarse algún vehículo fronte ao citado vado a rúa quedaría cortada e non se podería circular.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle ao Sr. Brun Carballo que deberá decidir se renuncia ou non ao vao permanente instalado.

PRP2021/3833

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Sketch System SL-Digipress, para o subministro de un xogo de tintas para o ploter da Área de Comunicación, por un importe total de 711,48 € (IVE incluído), con cargo á partida 926.22000.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/3834

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por La Voz de Galicia para participación na feira Inmogalia, que se celebrará os días 25, 26 e 27 de outubro, coa publicación dunha páxina en formato reportaxe ou entrevista na que se reflectirán as accións que se están a desenvolver para logar unha cidade máis habitable e sostible, por un importe total de 3.630,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 926.22602.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na

facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/3835

Vista a proposta do Servizo de Alumeado, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Gasocentro Caldas SL para o subministro de gasóleo de calefacción para o Colexio de Educación Especial, por un importe total de 3.400,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.22103.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/3836

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Maderas J. Redondo SL para o subministro de material necesario e o seu corte para a realización de 640 taboas para a súa utilización nas probas do exame de seis prazas de Auxiliar Administrativo, que van a ter lugar o día 5 de novembro nas instalacións de Fexdega, por un importe total de 1.610,75 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22699.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/3837

Vista a proposta do Servizo de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por ARBOGAL 2007 SL para a realización dunha evaluación de risco do arbolado existente na Alameda, Praza de España, Praza Ravella e Parque de Compostela, por un importe total de 9.891,75 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.22706.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/3838

Vista aproposta do Servizo de Parques e Xardíns a Xunta de Goberno Local acorda:

Deixar sen efecto o acordo de Xunta de Goberno Local de data 10 de maio de 2021 de realización da I Fase do proxecto de renovación de telexestión de sistema de rega, nas seguintes rúas ou prazas: Praza Independencia, Praza Ravella, Praza de España, Parque Miquel Hernández, A Xunqueira e Matosinhos, e aprobación do orzamento presentado por Pintega SL por un importe total de 8.077,94 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.210, que inclúe o subministro e instalación de 4 estacións base e 7 programadores, configurados, probados e en funcionamento, dado que non se vai a proceder á súa realización no presente exercicio.

Reintegrar a cantidade citada de 8.077,94 € á partida orzamentaria de procedencia (171.210).

Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Intervención aos efectos oportunos.

PRP2021/3839

Dáse conta de escrito do Director da Oficina de Correos de Vilagarcía de Arousa comunicando a adhesión de Correos á plataforma ORVE-OFCINA DE REXISTRO VIRTUAL e solicitando que nas publicacións de contratación, notificacións, resolucións, etc, se inclúa, como información adicional, a posibilidade do envío telemático de documentación ao Concello de Vilagarcía de Arousa a través de calquera oficina de Correos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se inclúa a citada información na Sede Electrónica Municipal.

PRP2021/3840

Dáse conta da incoación por parte de ADIF Alta Velocidade procedemento administrativo para a

mutación demanial, mediante o correspondente acordo, de expropiación de 53 m² cos que se ve afectada a finca nº S-36.600-1504 a fin da execución das obras do "Proxecto de proteccións acústicas do eixo atlántico de alta velocidade. Tramo Vigo-Padrón". Expte. 012ADIF2120. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e que se proceda á tramitación do expediente correspondente.

PRP2021/3842

Dáse conta de publicación no BOPPO de data 14 de outubro de 2021 do anuncio do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas - Delegación de Economía e Facenda de Pontevedra, de convocatoria da primeira poxa dunha finca urbana en Vilagarcía de Arousa (vivenda de protección oficial en Trabanca Sardiñeira, de sesenta e seis metros cadrados), cun tipo mínimo de licitación de 59.460,00 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/3867

Vista a proposta do Responsable de Compras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por PAPERSTORE SL para o subministro de dúas grampadoras eléctricas modelo RAPID 5025E para o Rexistro Xeral do Concello, por un importe total de 201,90 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/3870

Dáse conta do recurso de alzada presentado por Club Deportivo Bamio contra o acordo do Consello Reitor de data 27 de xullo de 2021, no que se acorda non conceder subvención segundo as Bases da Convocatoria de Subvencións destinadas ao Fomento do Deporte Federado, exercicio 2021, correspondente á tempada 2019/20 ou ano 2020.

Visto o informe emitido pola Secretaria Delegada da Fundación de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda desestimar o recurso presentado, dado que se mantén o incumprimento das devanditas bases da convocatoria de subvencións, posto que, presenta a documentación "fora de prazo" e o certificado da Federación Galega de Fútbol que aporta non está asinado digitalmente, sendo este o documento principal para poder realizar a valoración dos puntos acadados conforme ás bases.

Polo que en aplicación da lexislación vixente sinalada e as bases da convocatoria non procede a concesión da subvención para o Fomento do Deporte Federado 2021 ao Club Deportivo Bamio.

RECURSOS HUMANOS

PRP2021/3818

Vista a proposta da Concellería de Persoal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Sobrino G SA para o subministro de roupa de traballo para o persoal do Servizo de Alumeado Público, por un importe total de 1.298,25 € (IVE incluído) con cargo á partida 165.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/3827

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 8.100,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 30 de

setembro de 2021, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 27 de xuño de 2019, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 3.900,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 1.800,00€
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, por un importe total de 600,00 €.
- Grupo Municipal de Marea da Vila, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Ciudadanos, por un importe total de 600,00 €

PRP2021/3831

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 30 de setembro de 2021, por un importe total de 4.980,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Nº sesións Plenos e e XsGL	DIETAS PLENOS	Nº sesións Comisións informativas	DIETAS INFORMATIVAS	COMISIÓN	TOTAL EUROS
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	5	x 130,00 €	1	x 110,00 €		760,00
Dª LUZ Mª ABALO PEREZ	4	x 130,00 €	1	x 110,00 €		630,00
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	3	x 130,00 €	1	x 110,00 €		500,00
D. JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO	5	x 130,00 €	1	x 110,00 €		760,00
Dª MATILDE LAYA LORENZO	5	x 130,00 €	1	x 110,00 €		760,00
Dª ANA Mª GRANJA GUILLAN	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €		240,00
D. MANUEL MÉNDEZ VARELA	1	x 130,00 €	---	x 110,00 €		130,00
D. JUAN MARCOS ALCALDE VAZQUEZ	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €		240,00
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €		240,00
Dª LUCIA CESAR VELOSO	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €		240,00
Dª Mª DE LA O FERNANDEZ GONZALEZ	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €		240,00
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €		240,00
T O T A L						4.980,00

PRP2021/3843

Dáse conta do cumprimento da obriga de remisión da información sobre execución orzamentaria de gastos de persoal para o ano 2021, actualizadas ao terceiro trimestre (30 de setembro de 2021) de conformidade coa Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, e da Orde HAP 2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LO 2/2012, dando un total de 419 empregados e un total de gasto de 7.045.631,52 (retribucións e seguridade social), dende o 1 de xaneiro ao 30 de setembro de 2021.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2021/3872

Visto informe-proposta da Concelleira delegada de Benestar coa relación de nenos asistentes á Escola Infantil Municipal con dereito a subvención, e relación motivada dos nenos admitidos sen dereito a subvención, para a aprobación do pago da cantidade correspondente ó mes de outubro de 2021, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta e o recoñecemento de obrigación a favor de Bonecos Vilagarcía, S.L., polo importe de 29.281,42€ con cargo á partida 323.48007. (EXPTE: EIMXESTION/2021/0003 -- SS/2021/000127)

EMPREGO

PRP2021/3779

Visto o informe do encargado de obras relativo á necesidade de levar a cabo tarefas de mantemento nas casetas de madeira utilizadas no Mercado de Nadal, consistentes na substitución dalgunhas pezas deterioradas durante o proceso de instalación e desinstalación, e non sendo posible atopar os elementos que se precisan nos provedores habituais do Concello, solicitouse orzamento á empresa fabricante, que procedeu á súa remisión polos custos que se especifican:

CONCEPTO	PRECIO UNITARIO	UNIDADES	TOTAL
Kit caseta completo	50 € + IVE (21%)	4	242 € IVE INCLUIDO
Cerraduras caseta	2,50 € +IVE (21%)	10	30,25€ IVE INCLUIDO
TOTAL			272,25 € IVE INCLUIDO

Tendo en conta o exposto, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación do gasto e recoñecemento de obriga a favor da empresa CARPALIA S.L. CIF B24496101, Polígono Industrial Campo Narallasector 4 parcela 10 24410 Ponferrada, León, por unha contía total de 272,25 € ive incluido.

PRP2021/3781

Vista a proposta da Concelleira de Promoción Económica, para aprobar o orzamento de asistencia técnica para estudo e posta en marcha do banco de locais municipais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento da empresa CRAFTIUM CONSULTORES S.L., por un importe de 10.248,70€ IVE engadido, con cargo á partida 4311-22799.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/3844

Dáse conta da comunicación recibida do Servizo de Promoción do Emprego da Deputación Provincial indicando que unha vez aprobado o novo SMI para 2021, tal e como establece a súa disposición adicional terceira, entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no BOE e fará efectos durante o período comprendido entre o 1 de setembro e o 31 de decembro de 2021, procedendo, en consecuencia, o abono do SMI no mesmo establecido con efectos do 1 de setembro de 2021, polo que deberá ser tido en conta e aplicar ao programa o Teu Primeiro Emprego 2021, que finalizou o 5 de outubro de 2021.

Dar conta da comunicación ao Departamento de Recursos Humanos do Concello.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/3852

Vista a proposta da Director do Obradoiro de Emprego "Forme 2021", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Clece SA para o servizo de limpeza das instalacións do Obradoiro de Emprego na Rúa Agustín Romero nº 52, por un importe total de 4.070,99€ (IVE incluído) (478,94€/mes) durante o período de duración do obradoiro (do 2 de novembro de 2021 ao 14 de xullo de 2022), con cargo á partida 2412-22799.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2021/3747

Dáse conta do seguinte informe da Directora do Conservatorio:

Con data de 18/01/2021 a XGL aprobou o orzamento presentado por Servicios

Técnicos Integrados del Noroeste SL para o servizo de mantemento de equipamento informatico para o Conservatorio Profesional de Musica, durante o ano 2021, (10 intervencions de mantemento), por un importe total de 500,00 € (IVE incluido) (50 €/intervencion), con cargo a partida 3261.22799." PRP2021/0096

Que ao longo deste ano 2021 non foi preciso realizar ningunha intervencion de mantemento no equipamento informatico do Conservatorio, ao non sufrir averia algunha ata o de agora no dito equipamento.

Nembargantes compre realizar a reposicion de diverso material informatico non inventariable do Conservatorio con certa premura

Por todo o anteriormente exposto

A Xunta de Goberno Local acorda:

Anular, o gasto aprobado na Xunta de Goberno Local de data de 18/01/2021 a favor de Servicios Técnicos Integrados del Noroeste SL para o servizo de mantemento de equipamento informatico para o Conservatorio Profesional de Musica, durante o ano 2021, (10 intervencions de mantemento), por un importe total de 500,00 € (IVE incluido), reintegrando ese importe a partida orixinal co obxectivo de dedicalo a diversos gastos precisos do Capítulo II do orzamento do Conservatorio para o ano 2021, coma a reposicion de diverso material informatico non inventariable.

PRP2021/3845

Vista a proposta da directora da Biblioteca, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Teleservicio Instalaciones de Oficina SL para o subministro dunha caixoneira para a mesa da subalterna da axencia de lectura de Vilaxoán, por un importe total de 181,50€ (IVE incluído), con cargo á partida 3321-215.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/3846

Vista a proposta da Directora da Biblioteca, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Castroman I S.L. para a reposición de emisor térmico e deshumificador para a rede municipal de bibliotecas, por un importe total de 365,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 3321.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

MERCADOS

PRP2021/3847

Visto o escrito de Dona Faustina Lafuente Vidal, solicitando autorización para instalar un posto de venda de churros de 2 m., o día 1 de novembro de 2021, nas inmediacións do cemiterio de Carril.

Visto o informe da Policía Local e do Xefe de Mercados, acordase acceder ao solicitado.

A presente autorización concedese condicionada a ao seguinte:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberá estar en posesión da documentación da documentación pertinente para exercer dita actividade.
- Deberá darse cumprimento ás normas de prevención do COVID-19 vixentes.
- Dar conta ao Servizo de Mercados e Departamento de Rendas.

PRP2021/3848

Dáse conta do escrito presentado por Dona María del Carmen Romero Nogueira, en representación de Vendedoras Ambulantes de Flores- Vilagarcía, en relación coa instalación dunha carpa para venda de flores os días 29, 30 e 31 de outubro e 1 de novembro con motivo da celebración da festividade de Tódolos Santos.

Vistos os informes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización para a instalación da carpa solicitada destinada as vendedoras con concesión de posto de flores no mercadillo, ás vendedoras campesiñas de flor de colleita propia da praza de abastos, así como ás floristas da praza de abastos.

Deberán ter instalada a carpa dous días antes destas datas, para que os servicios municipais teñan tempo para facer a decoración e instalación de luz da mesma. Así como se reubicará aos vendedores ambulantes instalados nesta zona.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2021/3798

Mediante escrito datado o 26 de maio de 2021 comunicouse a este Concello Resolución, da Directora Xeral de Administración Local, por delegación do Vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo de concesión, de subvención do Fondo de Compensación Ambiental na súa natureza NON COMPETITIVA por importe total de 11.109,64 euros para o proxecto denominado “Adquisición de vehículo de traballo UTV destinado a actuacións de protección do ambiente e do espazo natural”.

Que aos efectos da xustificación da subvención do Fondo de compensación Ambiental do 2021 e de acordo co establecido no artigo 33 da Orde do 30 de decembro de 2020 pola que se regula a convocatoria desta subvención deberá aprobase a conta xustificativa da subvención polo órgano competente.

Polo que se informa que a axuda outorgada por un importe de 11.109,64 € se destinou integralmente á finalidade para a que foi concedida.

Por isto a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación da conta xustificativa da subvención na que se faga constar de forma detallada que:

Que se cumpriu da finalidade da subvención.

E os gastos imputables á actuación subvencionada son os que se relacionan a continuación:

Acredor	Concepto	Nº factura	Importe	Data de emisión	Data de reconocemento	da obliga
BAYGAR S.L.	COMPRA VEHÍCULO DE TRABALLO CORVUS TERRAIN DX4 PRO EPS OR	754 211103535	18.089,50 €	23/09/2021	25/10/2021	

TURISMO

PRP2021/3811

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda asinar con Pedro Muñoz Fole, deportista que vai participar no Campionato do Mundo de Kenpo 2021, o contrato de publicidade, por un importe total de 1.700,00€ (ive engadido), con cargo á partida 432-22602, que ten como contraprestación a inclusión da publicidade institucional do Concello de Vilagarcía de Arousa na indumentaria e/ou material deportivo do deportista durante o presente exercicio.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

PRP2021/3782

Na pasada XGL do 26 de xullo de 2021 aprobouse a realización dunha actividade de visibilización do colectivo LGTBIQ+.

Dita actividade consistía na realización dun concurso online a través dun QUIZ interactivo nas redes sociais do Concello. Para o que se propoña a aprobación dun orzamento de 300,00€ para a adquisición dos premios ás persoas gañadoras do concurso.

Finalmente e debido a problemas técnicos coa aplicación coa que se deseñou o QUIZ descartouse a realización desta actividade.

En base ao anterior a Xunta de Goberno Local acorda a anulación do compromiso de crédito aprobado na sesión de data 26 de xullo de 2021, co número de expediente PRP2021/2574.

PRP2021/3788

Dáse conta que con data 01 de setembro de 2021 recibiese no Concello notificación da Secretaría Xeral de Igualdade na que se comunica a modificación da resolución de concesión da subvención ao CIM para o ano 2020, expte SI427B2020/61-0.

Esta modificación se realiza por minoración do importe da axuda otorgada de 45.000€ da que se deu conta a XGL do 3 de agosto de 2020.

A minoración se produce ao terse xustificadas un número de horas inferior ás previstas na solicitude e que serviron de base ao cálculo da subvención.

En base a esto infórmase que A axuda definitiva queda en 43973,20€ producíndose polo tanto unha minoración de 1026,80€.

- Se aproba o recoñecemento de obriga e proposta de pagamento de liquidación final da axuda concedida para o 2019 por importe de 14.339,20€.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/3819

Vista a proposta da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a realización dos actos en conmemoración do 25N-Día Internacional contra a violencia de Xénero, por un importe total de 2.952,40 € (IVE incluído), coa seguinte desagregación:

- Empresa Pereira SL (B36030997), polo Aluguer mensual autobus para colocación publicidade. Traseira e laterais: 151,25 €, con cargo á partida 2312.22602

- Baños Print SL (B36252872), pola rotulación bus 25N traseira e laterais: 1.167,65 €, con cargo á partida 2312.22602

- Dona Cristina Durán Recuna (35476266P), pola retransmisión do Acto de Lectura do Manifesto 25N diante do Concello e a gravación de vídeos: 726,00 €, con cargo á partida 2312.22799.

- Servicios Gráficos Pontevedra SL (B94191368), pola adquisición de 5000 pegatinas de PVC polo 25N: 907,50 €, con cargo á partida 2312.22602.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CONSUMO

PRP2021/3775

Vista a proposta da Secretaria Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente á póliza de seguros para o vehículo Corvus Terrain DX4 Pro, matrícula E7014BHM, adscrito ao Servizo de Medio Ambiente, formalizado coa entidade aseguradora Mutua General de Seguros con nº de póliza 12324330, polo periodo que vai do 08/10/2021 ata o 31/12/2021, prorrogable anualmente, ascendendo o importe da prima a cuantía de 92,23 €, con cargo á partida 920.224, e o recoñecemento de obriga polo citado importe unha vez presentada a correspondente factura por parte da compañía aseguradora.

CULTURA

PRP2021/3809

Vista a solicitude de D. José M^a Tella Doval, en representación de KOOXCENTER SL, e vista a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 23 de decembro de 2021, durante toto o día, para a representación do espectáculo titulado "CUENTO DE NAVIDAD", debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboad, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

A venda de entradas será a través da canle Ataquilla.com, cun prezo de entrada de: Zona A e B: 14:00 €; Zona C: 12:00 € más gastos de xestión, e a recadación será para a entidade solicitante. De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, deberá previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de sala (8 horas-estimativa): 81,60 €
- Operarios (2) (8 horas-estimativa): 163,20 €
- Persoal de taquilla (2) (4 horas): 81,60 €
- TOTAL: 591,10 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2021/3810

Vista a solicitude de Comision de Festas San Martiño de Galáns, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello da actuación da Asociación Cultural Folclórica Union Piñeira de Guillán, os días 13 e 14 de novembro de 2021, por un importe total de 540,00 €, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividáde na honra de San Martiño:

- Actuación día 13/11/2021 por un importe de 335,00 €.
- Actuación día 14/11/2021 por un importe de 225,00 €

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obligatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

CONTRATACIÓN

PRP2021/3716

Vista a proposta do Concelleiro de Seguridade Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar a memoria valorada de “Implantación de Reductores de velocidad en Sobrán”, redactada polo enxeñeiro técnico, don Óscar Álvarez González, cun orzamento de 9.877,71 €. (IVE engadido)
- 2.- Adxudicar o contrato menor de obras denominado “Implantación de Reductores de velocidad en Sobrán”, á mercantil Construccións, Obras e Viales, S.A. (A36008886), por importe (IVE excluído) de 7.550,00€, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 1.585,50 € o que totaliza un

importe de adxudicación (IVE engadido) de 9.135,50 €, con cargo á partida 132.60900.

3.- Nomear director de obra ao enxeñeiro técnico don Óscar Álvarez González

PRP2021/3784

Dáse conta de Resolución da Deputación Provincial de Pontevedra, na que se desestiman as alegacións do Concello e se declara a perda total do dereito a cobrar a subvención concedida, por importe de 12.813,90 € co obxecto do financiamento do investimento "Subministro posto de vixilancia Praia do Preguntoiro" (Expte. 2020052304), por incumprimento das condición esixidas nas súas bases reguladoras, e en concreto da obriga de xustificación en prazo.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/3808

Vista a proposta do Concelleiro de Obras, Alumeado Público e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto de "Ampliación da rede de saneamento e pluviais en tramo da rúa Carballido (Cea)", redactado polo enxeñeiro don Miguel Fariñas Martín, cun orzamento de execución por contrato de 27.943,68€, con cargo á partida 161.62900.

PRP2021/3851

Dáse conta de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra das Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a elaboración de estudos técnicos relativos á xestión e prevención de residuos municipais.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se estude a convocatoria para a posible solicitude de subvención ao abeiro das citadas bases.

PRP2021/3868

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o Proxecto Técnico denominado, "Mellora de accesibilidade na rúa Alexandre Bóveda", redactado polo arquitecto don Iago Fernández Puentes, por importe de licitación de 34.100,00 € (IVE engadido).

2.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra a súa financiación ao 100% por importe de 34.100,00 euros, con cargo á baixa obtida na licitación da obra "Humanización da rúa Camilo José Cela", financiada con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020.

(Partida 459.61900)

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2021/3745

Dáse conta da instrucción pola que se regulan as operacións de peche contable do exercicio de 2021.

O exercicio orzamentario coincide co ano natural e a el imputaránse os dereitos liquidados no seu transcurso, calquera que sexa o período a que correspondan, e as obrigas recoñecidas ata o 31 de decembro do correspondente exercicio, como consecuencia de adquisicións, obras, subministracións, prestacións de servizos ou outro tipo de gastos realizados con cargo aos créditos respectivos dentro do correspondente ano natural.

Na presente instrucción procédese á regulación dos prazos e procedementos para a realización das operacións contables de peche da contabilidade dos gastos e dos ingresos públicos do ano 2021.

Artigo 1. Ámbito de aplicación

Esta Instrución será de aplicación ao Concello de Vilagarcía de Arousa.

Artigo 2. Sinalamento de haberes no mes de decembro

2.1. As nóminas para a percepción de haberes do mes de decembro quedarán confeccionadas como data límite o día 22 do dito mes e remitiranse á Intervención antes da data sinalada para o peche contable do exercicio 2021 que será o 30/01/2022, có fin de procede á súa fiscalización e á tramitación dos documentos contables correspondentes.

2.2. Os haberes correspondentes ao mes de decembro satisfaranse como data límite o día 22 do mesmo mes.

Artigo 3. Modificacións orzamentarias

3.1. Os expedientes de modificacións orzamentarias terán como data límite de entrada na Intervención municipal o día 30 de novembro de 2021.

3.2. O prazo previsto no número anterior deste artigo non será aplicable nas modificacións que afecten a créditos do capítulo I Gastos de persoal, nin aos capítulos III e IX de gastos de gastos financeiros e pasivos do orzamento de gastos, así como aquelas que o Departamento de Intervención trámite de oficio por ser preciso para dar cabida a aplicación dos xustificantes de gasto de fin de exercicio.

Artigo 4. Receppción e tramitación de documentos contables

4.1. Os documentos contables relativos aos capítulos II, IV e VIII, así como os do capítulo I relativos a PRESTACIÓNÓS Ó PERSOAL (221-16008) e os SERVIZOS EXTRAORDINARIOS, terán como data límite de entrada na Intervención para a súa imputación o exercicio 2021, as seguintes:

a) O día 30 de novembro: documentos en fase RC, documentos A, documentos D e documentos AD de exercicios correntes; (Retencións de crédito, Autorizacións de gasto e adxudicación de contratos).

b) O día 20 de decembro: resto de documentos contables ADO, O (facturas, xustificantes de gasto e contas xustificativas).

4.2. Os documentos contables, relativos aos capítulos VI e VII, (investimentos, subvencións de capital e transferencias de capital), terán como data límite de entrada na Intervención para a súa imputación o exercicio 2021, as seguintes:

a) O día 30 de novembro: documentos en fase RC, documentos A, documentos D, documentos AD de exercicios correntes e futuros; (Retencións de crédito, Autorizacións de gasto e adxudicación de contratos).

b) O día 20 de decembro: resto de documentos contables ADO e O, (aprobación de constas xustificativas e recoñecementos de obrigas).

4.3. Os documentos contables relativos aos capítulos III e IX, terán como data límite de entrada o 30 de decembro.

4.4 Quedarán exceptuados do disposto no punto anterior os seguintes expedientes de gasto que terán como data límite 30 de decembro :

a) Os gastos que correspondan a expedientes que teñan a súa orixe en sentenzas xudiciais e sancións.

b) Os expedientes de gasto correspondentes a axudas de emerxencia corrente ou de capital.

c) Os documentos en fase RC para A, documentos A, documentos D e documentos AD con cargo a créditos financiados por transferencias finalistas de Administracións Públicas.

d) Expedientes de gasto urxentes e/ou de forza maior nos que quede debidamente acreditada a urxencia mediante proposta motivada do órgano xestor.

e) Liquidacións de taxas, impostos e demáis ingresos de dereito público emitidos por outras Administracións Públicas.

4.5 Os xustificantes de gasto que teñan entrada no rexistro contable con data posterior ao 19 de decembro de 2021, serán obxecto de rexistro e imputación ao exercicio 2022.

Artigo 5. Xustificación das operacións

5.1. Os documentos e expedientes a que se refire o artigo 4 deberán remitirse á Intervención xunto coa totalidade da documentación que preceptúe a normativa que hai que aplicar en cada caso e que acredite a necesidade de contabilizar a operación con cargo ao orzamento do ano 2021.

